

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS. EJERCICIO 2024.

En cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), no artigo 92.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 4 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, emito o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanza fiscal xeral.

ANTECEDENTES:

- Decreto número 7605/2023 do 30.08.2023 do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Angel Pablo Permuy Villanueva, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.
- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 6.09.2023, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 07.09.2023, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 7605/2023, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

En concreto, en relación á Ordenanza número 405 prezo público pola prestación dos servizos sa escola municipal de música, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas

INTERVENCIÓN

MVF/mlv

Refº: ispac7692647438475699744.doc

Asunto: Modificación taxa escola musica 405

pola xefa de sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua:

- o Modifícase o apartado dous do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, corrixíndose neste apartado o concepto "taxa" erroneamente utilizado polo concepto "tarifa".
- o Modifícanse os apartados quinto, sétimo e oitavo do artigo 3º en concordancia co Decreto 5756/2023 de 21/06/2023 de organización municipal e o acordo da Xunta de Goberno Local de 26/07/2023 de delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local.
- o Modifícase o apartado seis do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, no que se inclúe a realización dos descontos que procedan cando por causas non imputables ao alumnado non sexa posible á impartición de determinadas clases nalguna materia, todo elo de acordo ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais "Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente".
- o Modifícase o apartado segundo do artigo 5º normas de xestión no que se especifican os documentos que acreditan a titularidade bancaria.
- o Modifícase o apartado terceiro do artigo 5º normas de xestión no que se modifican as datas límites para cursar a baixa na Escola no trimestre en curso.

- Anteproxecto de Modificación da Ordenanza número 405 prezo público pola prestación dos servizos sa escola municipal de música, asinado polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Angel Pablo Permuy Villanueva, o 07.09.2023

- Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 11.09.2023

- Informe xurídico de Secretaría, asinado polo secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 12.09.2023, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta.

Extremos de xeral comprobación:

- **Órgano competente:** Consideración Xurídica Cuarta do informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno:

"De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.

De conformidade co disposto no artigo 123.1d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local,

INTERVENCIÓN

MVF/mlv

Refº: ispac7692647438475699744.doc

Asunto: Modificación taxa escola musica 405

corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais.

En consecuencia, corresponde á Xunta de Goberno local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación de ordenanzas referenciados, e, posteriormente ao Pleno da corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas referenciadas, polo quórum de maioría simple, previo ditame da Comisión informativa especial de contas e ordinaria de alcaldía e sostenibilidade urbana e recursos internos”.

- **Inicio do expediente:** Decreto número 7605/2023 do 30.08.2023 do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Angel Pablo Permuy Villanueva, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- **Informe do máximo responsable do servizo:** Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de Servizo, Isabel Carbonés Bosch o 6.09.2023, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 07.09.2023, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 7605/2023, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

En concreto, en relación á Ordenanza número 405 prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas pola xefa de sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua:

- 0 Modifícanse os apartados 2, 5, 6, 7 e 8 do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, quedando redactados como seguen:

2. O alumnado que sexa o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, verá reducido o pago do prezo público que se regula nesta ordenanza nun 50 %. Esta bonificación realizarase tomando como referencia a tarifa máis alta. 5. As solicitudes deberán ser conformadas pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente. 6. O pagamento deste prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria, fraccionado en tres trimestres, durante o curso escolar. Unha vez rematado cada trimestre, por parte da Escola Municipal de Música prepararase a relación do alumnado matriculado cos importes a aboar en cada caso, que se incluírán na proposta do Servizo que dará lugar á resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente. Cando, por causas non imputables ao alumnado, non sexa posible á impartición de determinadas clases dalgunha materia, deberán realizarse os descontos que procedan en función das clases efectivamente impartidas previo informe da Xunta Directiva. 7. Estará exento do pagamento o alumnado que se matricule en estudos dun instrumento ou materia que sexa obxecto dunha campaña de promoción por parte da escola, por tratarse dun instrumento ou materia das menos populares. A decisión da elección do instrumento será tomada pola xunta directiva da Escola en base a criterios coma os de promoción de unha nova agrupación, existencia de vacantes ou interese de promoción e posta en valor dunha determinada materia, e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprobe. 8. Estará tamén exento do pagamento o alumnado que no curso anterior teña un alto aproveitamento das clases desa mesma materia, previo informe do titor/a e da xefatura

INTERVENCIÓN

MVF/mlv

Refº: ispac7692647438475699744.doc

Asunto: Modificación taxa escola musica 405

de estudos da Escola, e a unidade familiar conte cuns ingresos inferiores aos que se detallan no punto 3 deste mesmo artigo e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprrobe.

- 0 Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 5º normas de xestión quedando redactados como seguen:

2. O alumnado está obrigado a:

- Presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola administración local.

- Fotocopia do DNI/NIE

- Certificado de titularidade de conta bancaria ou documento que o acredite (fotocopia da cartilla, detalle extraído da banca electrónica ou calquera outro documento onde figure titular e número de conta)

3. Unha vez devindicado o recibo do trimestre, non se devolverá o importe se non se cursou a baixa: Os usuarios que desistan da asistencia ás clases deberán comunicar este feito antes de rematar o trimestre anterior e darse de baixa co modelo de solicitude que existe na secretaría da Escola. De non ter cursado a baixa por escrito antes dos prazos abaixo indicados o recibo do trimestre vixente pasarase ao cobro.

Establécense os seguintes límites nas datas para cursar a baixa na Escola no trimestre en curso:

1º Trimestre: 15 de outubro

2º Trimestre: 15 de febreiro

3º Trimestre: 15 de maio

Co cal as persoas matriculadas, asistan ou non as clases nun trimestre, que non efectúen a súa baixa antes de ditas datas terán a obriga de pagar o prezo do recibo dese trimestre. A non asistencia as clases por calquera motivo, baixa, enfermidade, incapacidade ou outras, non conlevará ningún tipo de redución se non se efectúa a baixa nos prazos establecidos a tal efecto no párrafo anterior.

- **Informe de Asesoría Xurídica:** Consta a conformidade do xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz, prestada con data 07.09.2023 ao informe do Servizo de Facenda Local de aprobación do proxecto de modificación de determinadas Ordenanzas Fiscais.

- **Proposta do responsable da área xestora:** Anteproxecto de modificación da Ordenanza número 405 prezo público pola prestación dos servizos sa escola municipal de música , asinado polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Angel Pablo Permuy Villanueva, o 07.09.2023

- **Ditame do Tribunal Económico Administrativo:** Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 11.09.2023

- **Informe Xurídico:** Informe xurídico de Secretaría, asinado por secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 12.09.2023, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta, concluíndo: "que unha vez emitido o informe preceptivo da intervención municipal procede

a súa aprobación polos órganos competentes."

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA

Procede a tramitación do expediente, en base aos informes favorables que conclúen o seu carácter favorable, coa seguinte observación:

Deberá de formularse, por parte do Servizo de Facenda Local, proposta de modificación da Ordenanza de referencia ao órgano competente, logo da emisión dos informes obrantes no expediente, así como a fiscalización favorable do expediente emitida por esta Intervención.

Cómpre recordar que a fiscalización da Intervención haberá de realizarse sobre da proposta que finalmente se eleve a consideración do Pleno da Corporación, de xeito que haberá de observarse dita circunstancia no caso de sufrir variación o expediente remitido.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

Asinado dixitalmente polo Interventor Xeral Municipal, Manuel Vázquez Fernández, na data que se indica á marxe.